

## Sinopse das actividades para Magosto

### Ciencia no Magosto

ceo —  
aberto



### Obradoiros:

- **FIGURAS DO MAGOSTO.** Utilizando modelos exclusivos, crearemos pequenas figuras recortables inspiradas nos elementos tradicionais do magosto. Os elementos, unha vez construídos, incorporarán un sistema de iluminación led creado pola rapazada participante.

Idades: Desde 6 anos

- **EXPLORANDO OS BOSQUES.** No obradoiro, os asistentes prepararán un chan comestible que levarán para casa. Isto nos permitirá falar dos bosques e a importancia do solo e a súa evolución para os ecosistemas.

Idades. Desde 3 anos

- **MUNDOS ELÉCTRICOS.** Os nenos e nenas participantes na actividade explorarán a electricidade e as súas características, a través de xogos e experimentos sinxelos. Para acabar, construiremos figuras con luz relacionadas co magosto.

Idades. Desde 3 anos

- **RECORDO DO MAGOSTO.** Na actividade, exploraremos as propiedades dos polímeros mentres reflexionamos sobre as súas implicacións medio ambiente. Para finalizar o obradoiro, utilizando un plástico termo moldeable toda a rapazada participante creará un colgante de recordo.

Idades. Desde 3 anos

Duración. Cada actividade ten una duración de 15-20 minutos.

## Raposadas

Raquel Queizás  
**RAPOSADAS**  
contos para nenas e nenos



A raposa é moi lista, é moi curiosa. Gústalle vivir libre no monte mais tamén achegarse á aldea para ver xogar ás nenas e aos nenos e escoitar os contos que lles contan na lareira.

Espectáculo de contos de tradición oral con obxectos e monicreques.

Canta o galo, sae o sol. A raposa feliz achégase a aldea cantaruxando unha melodía. Vai visitar á galiña para que lle ensine adiviñas, vai escoitar os contos da señora Lela que vive preto da escola. Agarda polas nenas e nenos para xogar con carozos de millo, con paus e con pedras. Vaille botar unha carreira ao sapo e aprender con el traballos do campo.

Xa se pon o sol, a raposa ten que marchar para despedirse dela todos póñense a danzar.

Quen danzou por aquí?



Colleita de contos populares de animais de tradición oral da nosa terra, que alimentaron, alimentan e alimentarán a moitas nenas e a moitos nenos galegos.

Os contos de tradición oral seleccionados están protagonizados por animais personificados que se debaten entre o uso da forza bruta e o uso da intelixencia para a resolución de conflitos. Moitos destes contos, ademais de mostrarnos as características que definen a cada animal, buscan describir e explicar unha forma de vida fomentando o respecto pola natureza. Axudan a coñecer a contorna natural e familiar que nos fai pobo a través da nosa lingua, os nosos contos, as nosas adiviñas, os nosos xogos e as nosas cancións.

**Dirección e interpretación:** Raquel Queizás

**Duración:** 50 minutos

**Público:** nenas e nenos a partir de 3 anos / familias



[www.raquelqueizas.com](http://www.raquelqueizas.com)

